



XURXO LOBATO

*O Museo das Mariñas na mostra «Galicia: Raíz y Horizonte».*

planeamento...) cara á definitiva instalación en Santo Domingo unha vez que rematen as obras.

O Concello, como titular da instalación, pon o persoal e o mantemento xeral da mesma. Con axudas da Xunta de Galicia, da Diputación Provincial e da Fundación Barrié foi como se poido levar a cabo a maior parte das actividades e compras de pezas.

Dentro do campo divulgativo poden destacarse as seguintes actividades: participación na mostra «Galicia: Raíz y Horizonte», montaxe da mostra do «Apostolado» do antigo Hospital de S. Antonio, e organización das «Ias Xornadas de Museos Comarcais de Galicia».

A mostra «Galicia: Raíz y Horizonte» foi organizada por «El Corte Inglés» da Coruña durante o mes de setembro e nela pretendeuse dar unha visión da Historia, da Arte e das novas tecnoloxías e medios de comunicación de Galicia. O Museo das Mariñas participou cunha serie de pezas de moi diferentes campos culturais. Destas pezas, presentáronse: as portas do Arquivo do Hospital de San Antonio (finais do s. XVII) nas que se representan os fundadores do dito hospital, pintados ó óleo sobre madeira de castaño; a bandeira das Irmandades da Fala de Betanzos (1918), escultura en madeira de San Fabián, Virxe popular da casa de Paio (Oza dos Ríos), campanas do antigo Hospital de San Antonio, ara romana de Fervenzas, escudo de esquina da Porta da Vila, tambor dos bandos do Concello de Betanzos (1844), obxecto castrexo fálico, escultura en cantería de Santiago e pote popular.

Se observamos mínimamente o panorama cultural das últimas décadas, vemos que a organización de grandes mostras (bienales de arte, feiras, mostras monográficas, etc.) convertíronse nun elemento de comunicación social de primeira magnitude e nun fenómeno característico e definidor da nosa época. Asistimos «al pasaje de los fondos del museo a las exposiciones, que corresponde a una transferencia de lo permanente a lo provisorio» (Revista Museum, nº 152, editorial, p. 194) e vemos como moitas pezas dos nosos museos, situadas dentro de marcos e contextos diferentes, son visitadas nun só día por moito máis público que o que o faría en varios meses no museo. Todo isto lévanos a pensar na importancia que para un museo, sobre todo se é de ámbito comarcal, ten o participar neste tipo de mostras, aínda que o traslado das pezas e a instalación das mesmas fora do marco museístico pode, certamente, levar consigo riscos.

A mostra do «Apostolado» do antigo Hospital de San Antonio de Padua foi unha iniciativa do Concello, ó rematar a súa restauración, que fora encargada a dona Beatriz Martínez-Barbeito dous anos antes. A fundación do hospital tivo lugar no 1674 por don Antonio Sanches de Taybo y Vilouzás e a súa muller, dona Estefanía de Valencia y Guzmán. Nese momento os fundadores fixeron donación de varios obxectos entre os que estaba o «Apostolado» que figura nos inventarios como «Pintura de Roma».

A orixe destas obras foi investigada por dona Beatriz Martínez-Barbeito quen conclúe

que «se trata de una copia de menor calidad y con escasas variantes del Apostolado que de Rubens se encuentra actualmente expuesto en el Museo del Prado». O folleto de man do que ela é autora, completa a nosa visión sobre o tema.

As 12 taboas, magnificamente restauradas e con verdadeiro amor, situáranse xunto coa do Salvador, as portas do Arquivo do Hospital e outros elementos, nunha sala do definitivo local do Museo no antigo convento de Santo Domingo, unha vez rehabilitado.

Hai que dicir que máis tarde, en novembro-decembro, o «Apostolado» expúxose tamén no Museo Provincial de Bellas Artes da Coruña, onde se gardan agora ata que volten ó noso Museo das Mariñas. Aproveitamos a ocasión para testemuñar o noso agradecemento a don Félix de la Fuente Andrés, director do Museo de Bellas Artes pola súa axuda e interés en todo o relacionado con estas obras.



Sen dúbida a organización das «Ias Xornadas de Museos Comarcais de Galicia» foi unha das actividades máis importantes realizadas polo Museo durante 1987. Tiveron lugar os días 20 e 21 de novembro e nelas participaron os museos seguintes: Museo da Terra de Melide (don Xosé Manoel Broz e don Xosé Domingos Fuciños), Museo do Mar de San Cibrán (don Francisco Rivera), Museo da Fonsagrada (don Juan José Molina), Museo Etnográfico de Oseira (don Olimpio Liste), Museo do Ribeiro (dona María Fernández Bal), Museo Etnográfico do Cebreiro (don Elías Baliñas), Museo Etnográfico de San Paio de Narla (non asistiron nin mandaron comunicación), Museo Monográfico do Castro de Viladonga (don Felipe Arias) e Museo das Mariñas. Como invitado participou o Museo Etnográfico de Grandas de Salime (Asturias).

Convén dicir que non é nada doado facer a definición de museo comarcal, pero nós pensamos que o primeiro elemento da mesma está na interrelación existente entre ese museo e a comarca onde se asenta. Seguindo esa idea, puxémonos en relación cunha serie de museos que creemos responde a isto, aínda que as características, dependencias xurídicas, etc. sexan moi diferentes.

Un dos obxectivos fundamentais das xornadas era o de que houbera un acercamento e maior comicación persoal entre os responsables dos distintos museos. Isto certamente cumpriuse, dándose o caso de que don Francisco Rivera Casás, director e pai do Museo do Mar, era a primeira vez que asistía a unha reunión deste tipo.

Cada participante presentou a historia, situación e perspectivas da súa institución e ó mesmo tempo todos deixaron traballos que, se conseguimos cartos, conformarán unha pequena publicación. Ela constituirá un verdadeiro estado da cuestión dos museos comarcais de Galicia.

Unha referencia agarimosa temos que facer



Texto y Maqueta:  
ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ  
Fotografías:  
ESTUDIOS BLANCO

Patrocinan:  
EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS  
EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LA CORUÑA

Imprime LUGAMI BETANZOS Depósito Legal C. 121.87

ó director e pai do Museo Etnográfico de Grandas de Salime, don José Naveiras Escanlar, «Pepe el Ferreiro». Con el veu non só a súa muller, senón tamén o alcalde da vila, don José Cachafeiro, e un concellar: foi toda unha embaixada asturiana que agradecemos e recordaremos. Hai que dicir que Grandas de Salime



Recepción no Concello ós participantes nas «Ias Xornadas de Museos Comarcais de Galicia» con presenza do Alcalde da cidade, don Manuel Lagares Pérez.

está pertiño de Galicia e ademais alí falan o galego, polo que, en calquer caso, esta interrelación era pertinente. De feito, os que suscribimos xa tivemos un contacto co Museo de Grandas, e incluso o director do Museo das Mariñas participou (dentro dos cursos de verán da Universidade de Oviedo o 28-31 de xullo-1987) nas «II Jornadas de Etnología e Etnografía de Asturias». Pois ben, «Pepe el Ferreiro» mostrounos a súa experiencia, unha chea de vídeos feitos por el e a asociación de amigos que apoia ó Museo. Vídeos dun grande valor antropolóxico porque reflexan formas de vida practicamente perdidas ou en vías de perderse: o traballo da tecedora, cómo se fai a manteiga, cómo se bota a clarear a roupa, a matanza do cocho, etc. Ademais mostrounos un vídeo que recollía a viaxe que viña de facer por Europa xunto co alcalde da vila e outras persoas, percorrendo os máis importantes museos etnográficos e antropolóxicos.

O remate das xornadas houbo un coloquio entre todos e del saíron as conclusións finais. Conclusións que, de entrada, deron como resultado unha xuntanza do Consello Galego de Museos no Museo do Pobo Galego e o conseguinte relanzamento deste órgano que pretende englobar a tódolos museos de Galicia para a súa mellor defensa como institucións que conservan boa parte do patrimonio cultural galego.

Para rematar, conven dar noticia de que un

I<sup>as</sup> XORNADAS  
de  
MUSEOS  
COMARCAIS  
de  
GALICIA



MUSEO COMARCAIS DE GALICIA  
MUSEO DAS MARIÑAS



MUSEO COMARCAIS DE GALICIA

20 e 21 de novembro  
de 1987

AULA DE CULTURA  
DE  
CAIXA GALICIA

pouco antes das xornadas propuxemos e o Concello aprobou o «Regulamento do Patronato do Museo das Mariñas de Betanzos». Iste é un paso que deberá ser moi importante no futuro da institución.



*Os participantes nas «Primeiras Xornadas de Museos Comarcais de Galicia» polas rúas de Betanzos*



XURXO LOBATO

*O «Apostolado» exposto no Museo de Bellas Artes da Coruña.*

## CONCLUSIONS DAS PRIMEIRAS XORNADAS DE MUSEOS COMARCAIS DE GALICIA

1.<sup>a</sup>— Os museos comarcais son institucións básicas na recuperación, conservación e difusión do patrimonio histórico, artístico e antropolóxico.

2.<sup>a</sup>— Como elementos dinamizadores da actividade sociocultural da súa comarca, propician a recuperación da memoria histórica do pobo, polo que os representantes dos museos comarcais de Galicia demandamos da Xunta e Parlamento galego unha lexislación axeitada á problemática dos museos de Galicia que contemple a creación dunha rede de museos comarcais e os apoie para que cumpran coa maior dignidade a súa función.

3.<sup>a</sup>— Os responsables dos museos comarcais de Galicia ofrécense a colaborar na elaboración da dita rede de museos e no corpo lexislativo que lle de forma.

4.<sup>a</sup>— Os representantes dos museos comarcais de Galicia propoñemos que se institucionalice a tódolos niveis o Consello Galego de Museos como órgano coordinador dos museos galegos e interlocutor válido dos mesmos diante das distintas administracións públicas.

5.<sup>a</sup>— Entre tanto se leven adiante estes obxectivos, pedimos que Concellos, Diputacións e Xunta de Galicia atendan nos aspectos económicos, técnicos e de persoal as necesidades básicas dos museos comarcais con obxecto de que poidan cumprir os fins para os que foron creados.